



Tarefa final: preparar un cartafol informativo para que a dirección da escola incorpore café de comercio xusto ás máquinas de vending

obxectivos

Organizar un discurso con claridade e estrutura
Expresarse en linguaxe formal
Poñer en relación as opinións propias coas alleas
Expresar apreciacións e consideracións
Argumentar e negociar

1. A continuación, tes unha entrevista a un produtor de café, un gráfico cos prezos do café nos mercados internacionais e un cadro coa distribución dos beneficios da venda do café.

Le a entrevista, bóttalle unha ollada ao gráfico e propón, coa túa parella, unha alternativa á distribución dos beneficios da venda do café.

Razoade a vosa proposta.

Entrevista a Rufino Herrera



Rufino Herrera traballa nos cafeais desde os cinco anos, cando lle axudaba ao seu pai na plantación familiar. Participou activamente en organizacións de produtores no seu país e representounos en foros internacionais. Rufino estivo tamén presente na primeira asemblea que se celebrou en Holanda, nos anos 60, para esixir un comercio xusto en lugar de axuda para os pequenos produtores.

"Os prezos do café nos mercados internacionais están suxeitos á especulación; por iso, ciclicamente arruínanse e arrastran con eles miles de familias campesiñas. Entre os anos 2000 e o 2001, en República Dominicana non se recolleu o café, o custo era superior ao prezo que se ofrecía polas colleitas. O mercado dábanos 23 dólares por quintal de café, mentres os prezos de café de comercio xusto se mantiveron a 124 dólares o quintal. A crise provocou o abandono de moitas plantacións, algunhas foron substituídas por cultivos de ciclo curto, pero outras foron abandonadas e os seus propietarios emigraron ás cidades. A parte positiva é


que uniu moitos produtores e hoxe o 25% dos pequenos cafealeiros formamos parte dalgunha asociación. En tempos de crise, o comercio xusto chegou a pagar ata o 160% máis que o mercado convencional. Hoxe que os prezos están altos, o comercio xusto segue pagando o 35% máis polas colleitas".

"Pero o comercio xusto non é só mellores prezos para os campesiños, é un investimento para toda a comunidade e un fortalecemento das organizacións produtoras que lles permite sentar fronte á Administración non co traxe de campesiños senón con outro traxe, o de empresa. En República Dominicana, por exemplo, conseguimos unha lei para o desenvolvemento do sector cafealeiro".

"Desde as comunidades estamos distribuindo os beneficios deste comercio de xeito equitativo ente os socios das cooperativas e contribuímos a mellorar as nosas comunidades. Nós construímos as escoliñas e pedímoslle ao Estado que lles pague aos mestres. Negociamos cara a cara con outras institucións como a Universidade e conseguimos bolsas para os nosos fillos e fillas que hoxe son xerentes, contables, administradores de empresas e agrónomos".

"Eu só cheguei a cuarto de primaria, pero grazas ao comercio xusto os meus fillos son administradores de empresa e traballan connosco en Federares".

Venda ao público	8%
Impostos	7%
Distribución	42%
Intermediarios	10%
Procesadores	30%
Pequenos produtores	3%
Total PVP	100%



Agora imos poñelo en común co resto da clase. Imos facer un cadro común no que marquemos o prezo que debe cobrar cada un dos integrantes da cadea que percorre o café desde a planta ata a nosa cunca. Alguén debe apuntalo e conservalo.

2. Sabes o que é o comercio xusto? Escribe unha definición de, como moito, catro liñas e gárdaa co teu material. Vas necesitala máis tarde.

3. Imos coñecer algunhas cousas sobre o comercio xusto: unha breve historia, tirada de comercioxusto.com

Xurdimento do comercio xusto

Nun clima de busca de formulacións que posibilitasen conseguir unha nova orde económica internacional, nace o movemento do comercio xusto. A primeira organización que asume esta tarefa é SOS Werenhandel, en Bélxica, no ano 1959. Neste contexto xorden os primeiros pasos do comercio xusto en Holanda, onde no ano 1969 se abre a primeira tenda.

Xa non se trata de transferir capitais ou tecnoloxía, senón de crear estruturas alternativas que posibiliten relacións internacionais xustas.

Así que podemos afirmar que a converxencia de sectores progresistas alternativos e cristiáns do norte e dos países en proceso de emancipación colonial –arredor do movemento dos países non aliñados– son os que dan lugar a esta incipiente alternativa, fronte a un modelo de solidariedade "conservador" impulsado polos estados do norte, co beneplácito dalgunha influente ONG e ante a inhibición da esquerda tradicional, allea ao mundo da solidariedade naquel momento.

O comercio xusto é unha actividade comercial baseada nunha relación directa e de respecto mutuo, na que produtores/as e consumidores/as obteñen a garantía de produción baseada no respecto aos dereitos humanos e no desenvolvemento autosustentable.

É obvio que non se trata de buscar só saídas máis ou menos importantes para os produtos elaborados baixo os PRINCIPIOS que determinan esta fórmula de comercio:

- Garantía de salarios xustos que permiten ter unha vida digna.
- Igualdade home/muller. Igual traballo/igual salario.
- Prohibición da explotación infantil.
- Organizacións democráticas.

- Beneficios destinados a necesidades comunitarias (saúde, educación, formación etc.).

- Respéctase o medio. Producción ecolóxica.

Senón que se trata de construír unha alternativa ao neoliberalismo que desenvolva unha rede empresarial ampla e estable que permita, en primeiro lugar, relacións comerciais a longo prazo e na cal se realicen pagamentos por adiantado, o que permite planificar con seguridade e impide a especulación monetaria.

Estabilidade, necesaria porque o comercio xusto é unha alternativa precisa para o cambio do modelo desigual do comercio no ámbito internacional, que dita as súas regras na OMC.

Porque só desde a estabilidade se poden atender as necesidades diarias dos pequenos produtores do sur, xa que isto lles permite planificar as súas estratexias comerciais a longo prazo, rompendo a dependencia das grandes multinacionais que fixan os prezos e interrompendo o círculo da pobreza.

COMERCIO XUSTO NO MUNDO

Cando falamos de comercio xusto non estamos a falar simplemente dun proxecto de solidariedade máis ou menos afortunado na súa eficacia e que adquire maior repercusión social en épocas de consumo bulímico, fundamentalmente en Nadal. Estamos a falar dun movemento solidario e económico amplo que busca non só reducir a miseria dos países empobrecidos por medio da axuda, senón que persegue analizar en profundidade as causas estruturais desta pobreza e, ademais, asentar unha alternativa económica estable e viable ao actual marco económico chamado de "libre mercado" pero que, no fondo, se configura como un mercado oligopólico controlado por grandes distribuidoras de comercialización, ligadas a sectores financeiros importantes.

Trátase dun sector económico e solidario amplo, con máis de 100 distribuidoras, 3.000 tendas en toda Europa e 260 millóns de euros ao ano e algúns nichos de consumo importantes (o 31% do consumo de té en Suecia ou o 13% de café en Holanda), organizado arredor da Rede Europea de Tendas (Network of European World Shop-NEWS) que, creada en 1994, integra a Federación de Tendas de

Comercio Xusto de 13 estados europeos e a Rede Europea de Importadoras (European Fair Trade Association-EFTA), creada en 1987 e na que se integran distribuidoras de nove estados europeos.

En 1989, organizacións comerciais de África, Asia, Australia, Xapón, Europa, América do Norte e América do Sur crearon a Federación Internacional de Comercio Xusto (IFAT), como foro no que participan os produtores do sur coas organizacións do norte.

Por último, a creación do FINE, onde se agrupan todas as organizacións de comercio xusto, culmina a estrutura organizativa do sector en todo o seu proceso. No ano 1964, a Conferencia da ONU sobre Comercio e Desenvolvemento (UNTAC) realizou unha primeira reunión baixo o lema "Comercio, non axuda", onde se definiron unha serie de propostas a favor dunha relación entre os países ricos e os países empobrecidos, pola práctica dun intercambio desigual e a explotación dos seus recursos. As resolucións, vetadas por oito dos países máis ricos do mundo, contiñan, entre outras opcións, a activación de mecanismos comerciais máis xustos.

OBXECTIVOS POR CONSEGUIR

Todo este movemento ten como obxectivos para conseguir, entre outros, os seguintes:

- Novas relacións norte-sur que permitan abordar de xeito global e xusto a aparición de fenómenos de degradación das conquistas sociais dos traballadores e traballadoras e das condicións de vida das vilas, tales como a deslocalización ou a inmigración masiva.
- Fixación de normas de validez internacional sobre condicións laborais, como elemento central de respecto aos dereitos humanos na produción.
- Construción dun novo modelo de desenvolvemento e consumo universalizable que parta do recoñecemento dos límites do crecemento e da equiparación das condicións de vida das zonas, apostando polo desenvolvemento humano sustentable como elemento de solidariedade interxeracional.

- Vertebración de alternativas de pensamento e acción globais que impliquen a cidadanía do norte e do sur.
- Construción de estruturas xurídicas internacionais, como o Tribunal Social Mundial (Emir Sader, profesor da Universidade de Río de Xaneiro), composto por autoridades internacionalmente recoñecidas, para xulgar os casos máis graves de crimes contra a supervivencia de persoas por mecanismos de mercado ou atentados globais ambientais ou culturais, de igual xeito que se vai asentando o Tribunal Penal Internacional como espazo contra crimes de lesa humanidade.

Do barómetro de consumo da Fundación Eroski:


Consumo de produtos de comercio xusto

Un dos mecanismos máis sinxelos que ten o consumidor de mostrarse solidario con quen sofren carencias nos países menos desenvolvidos é adquirir produtos procedentes de comercio xusto. Pero o consumo de produtos de comercio xusto non só segue sendo minoritario no noso país, senón que apenas crece: só o 26% dos consumidores e consumidoras di adquirir algún destes artigos nos últimos doce meses, cando en 2005 a proporción era do 25%. Dado que son algo máis caros que os convencionais, faise previsible que os adquiren máis as clases altas (32%) que as baixas (21%). A maior penetración dos produtos procedentes de comercio xusto dáse nas persoas consumidoras de entre 14 e 20 anos e nas de entre 41 e 50 anos (32% en ambas as franxas de idade) e, a menor, nos maiores de 60 anos (16%). Por zonas xeográficas, destaca o comercio xusto en País Vasco e Navarra (30% en ambas) e o seu escaso éxito nas cidades de Madrid (24%) e Barcelona (23%).

Resposta á pregunta:


Mercou, nos últimos 12 meses, algún produto de comercio xusto?:

Ano 2005



si non non contesta

Ano 2007



si non non contesta

Tamén podes ver o vídeo que hai neste enlace:

Vídeo:

<http://www.youtube.com/watch?v=ed43VyJhHIQ>

4. Que pensades agora do comercio xusto? Coincide coa definición que escribiches na actividade 2? Pensas que pode ser unha boa idea? Algunha xente pensa que hai cousas boas no comercio global, tal e como está establecido.

Por exemplo, no Informe da OMS do 2001:

"(...) catro puntos sobre a globalización e a saúde. En primeiro lugar, a integración económica é un medio moi eficaz para aumentar os ingresos dos países pobres. En segundo lugar, a desigualdade de ingresos non tende a aumentar nos países que abren as súas fronteiras. O aumento do crecemento asociado á globalización nos países en desenvolvemento adoita beneficiar os pobres. En terceiro lugar, é evidente que a integración económica tamén pode ter efectos prexudiciais para a saúde: a propagación da sida propiciada polas migracións e as viaxes é un exemplo recente e trágico diso. En cuarto lugar, cabe mellorar o marco internacional de modo que resulte máis beneficioso para os países pobres."

Que pensades vós? Con todo o material que tedes, buscade coa vosa parella razóns polas que pensades que o comercio xusto é o modelo máis axeitado de crecemento e razóns polas que pensades que será unha tendencia marxinal ou que pode desaparecer. Anotade os argumentos en cada un dos sentidos nunha folla.

5. Agora imos poñer en común, no encerado, os nosos argumentos co resto da clase.

6. Xa temos un montón de razóns para apoiar o comercio xusto como parte da nosa conduta. Agora imos preparar un cartafol de materiais para que a administración da nosa escola faga o posible por implicarse: nas máquinas de café, nos servizos que ofrece etc. Para iso, imos seguir varias fases:

A. Buscar na escola produtos ou servizos nos que se vexa a posibilidade de incluír produtos de comercio xusto. Facede unha lista entre todos.

B. Preparar propostas concretas, analizando as vantaxes en prezo, conveniencia (repartimento, distribución, atención ao cliente etc.) para cada un deses produtos e servizos. Podedes buscar na web os catálogos de produtos de comercio xusto da vosa área ou pedirlos ao profesor.

C. Redactar e ilustrar un informe sobre as vantaxes do comercio xusto, as súas implicacións e as razóns polas que pensades que pode ser unha boa idea, desde un punto de vista teórico, levar a cabo as accións propostas no punto B.

D. Recompilar todo o cartafol para entregarllo á administración da vosa escola. Debe quedar presentable e ter toda a documentación que atopedes.

Este cartafol pasará a formar parte do voso pasaporte lingüístico.

7. Para rematar, imos simular a presentación do cartafol á administración. Coa túa parella, un debe facer de representante da clase e outro de administrador. O administrador terá unha serie de argumentos polo mantemento das cousas como están, que poden ser de tipo práctico ou dos expresados na actividade 4. O representante dos alumnos e alumnas debe tentar convencelo.



Indicacións para o profesor ou profesora

1.Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades do estudantado.

2. Hai multitude de páxinas web nas que se pode atopar información sobre as asociacións e organizacións de comercio xusto na túa área. En Galicia, podes consultar: comercioxusto.com.

2. Todos os alumnos e alumnas deben contribuír á realización do cartafol final. Faranse copias do conxunto para gardar no pasaporte lingüístico de todo o alumnado.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?